

Pescuda no arquivo: A vida na Galicia do XVIII



03. A alimentación no século XVIII

Como se pode comprobar no **documento** co que traballamos esta semana, os membros da **elite social e económica** galega do século XVIII consumía **alimentos** que demostraban certo **luxo**, un recurso para **distinguirse** do resto.

O documento cita agasallos **comestibles** que o dono do Pazo de Bieite fai a un parente. Nesa relación de viandas vemos produtos **típicos** das mesas dos estamentos **privilexiados** tales como:

- Os **doces**, nomeados xenericamente, co que podería tratarse de calquera tipo de **pastel**, xunto co propio **azucré** ou o **chocolate**, tan característico no consumo desas casas.
- Os **licores**, neste caso **Rosoli**, típico de Cuenca e de zonas andaluzas, e polo tanto **importado**, o que marcaba máis a diferenza.

- As **clases de carne** son as típicas das familias que intentan **distanciarse** do costume de consumir unicamente vaca ou cocho; así aparte das marrás aparece a **caza**, coas **perdices**, as aves do pombal típico do pazo, cos **pichóns**, e os **capóns** e **carneiros** que poderían ser resultado das **rendas** cobradas polos señores.


Deseguido deixámosvos a **solución** da sopa de letras.

O venres 4 de xuño achegarémosvos un breve **apuntamento histórico** sobre a alimentación na Galicia do século XVIII.

Podedes enviarnos os vosos **comentarios** a través do **enderezo electrónico** ou do **Facebook** do arquivo.

03. A alimentación no século XVIII

Pazo de Bieite. Ano 1753. [Signatura: 43923/25-12]



SOLUCIÓN DA SOPA DE LETRAS

Alimentos e bebidas por orde de aparición na relación de agasallos que fixo José Moscoso y Prado:

- | | |
|--------------|---------------|
| 1ª. Dulce | 6ª. Pichones |
| 2ª. Capones | 7ª. Chocolate |
| 3ª. Perdices | 8ª. Guebos |
| 4ª. Marranas | 9ª. Rosoli |
| 5ª. Carneros | 10ª. Azúcar |

